

BASES

Edición / Impresión
Diseño / Creatividade
Marketing dixital / Marketing
Comunicación / Eventos

VI PREMIOS PARAUGAS



OURENSE | 12.11.2021

ORGANIZA:



cluster
comunicación
de galicia

SEDE:



Expourense

Os Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia foron creados polo Clúster da Comunicación de Galicia no ano 2016. Naceron coa idea de poñer en valor a calidade e o excelente traballo que se fai na nosa terra, co obxectivo de enxalzar a función da creatividade, o deseño, a edición, a impresión, o marketing, a comunicación e os eventos de orixe galega e como medio para conseguir aumentar a competitividade e a capacidade innovadora. Trátase dunha convocatoria de premios desde o sector e para o sector.

Os Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia celebrarán a súa sexta edición o vindeiro 12 de novembro de 2021.

BASES DA CONVOCATORIA

O Clúster da Comunicación de Galicia concede os Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia (Premios Paraugas) en recoñecemento público ás empresas, institucións, organizacións e profesionais que destacan polo seu bo facer no ámbito da creatividade, do deseño, da edición, da impresión, do marketing, da comunicación de dos eventos en Galicia, poñendo en valor a efectividade das súas accións e a innovación no uso de materiais, soportes e medios.

QUEN PODE PRESENTARSE

Poden participar nesta convocatoria 2021:

Tod@s @s profesionais de orixe galega ou con residencia en Galicia e aquelas empresas, institucións ou organizacións con razón social na comunidade autónoma de Galicia que desenvolvan integramente os traballos que se presentan ou ben sexan realizados, tamén íntegramente, a través de estudos, axencias ou empresas galegas, así como delegacións de empresas emprazadas presencialmente en Galicia (sempre que o traballo sexa executado integramente pola delegación galega da empresa).

Empresas ou institucións que presenten traballos executados, integramente, por estudos, axencias ou empresas galegas.

Pódense presentar todos os traballos realizados desde outubro de 2020 ata outubro de 2021.

PREMIOS E CATEGORÍAS

Os Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia distinguen aquelas pezas e/ou estratexias de creatividade, de deseño, de edición, de industria gráfica, de marketing, eventos e de comunicación que sobresaen pola súa innovación, funcionalidade, boas prácticas e pola obtención de resultados tanxibles.

Os traballos deberanse presentar nos formatos e/ou cos elementos complementarios que o participante estime oportuno e que axuden a ilustrar o obxectivo perseguido en cada caso. O xurado considerará o traballo no seu conxunto.

Os participantes nesta convocatoria de Premios declaran, baixo a súa responsabilidade, que os traballos que achegan son orixinais e que dispoñen dos dereitos de explotación sobre as ditas creacións. No caso de declaración fraudulenta (usurpación de dereitos), o participante en cuestión responderá fronte ao Clúster de calquera dano económico e/ou reputacional derivado de reclamacións de toda natureza que se puideran promover. Ademais, a dita infracción constituirá causa automática de descalificación.

Coa súa participación nestes VI Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia (2021), o candidato á eventual gratificación (recoñecemento público) asume que a súa obra será comunicada, para a súa valoración, aos membros do xurado do concurso, así como ao técnico que configure a presentación audiovisual do traballo premiado para o día da gala de entrega dos premios. Todos eles absteranse de utilizar os traballos para outros fins incompatibles con tales propósitos, considerando que a participación no concurso non supón a cesión a terceiros do dereito de explotación atribuído ao titular da obra premiada.

Ademais, os participantes nos VI Premios asumen que os/as asistentes á gala de entrega dos galardóns poderán difundir o evento, así como a obra premiada exhibida. Neste caso, recoñecendo a súa autoría.

As categorías que se van premiar son:

- Impresión e Edición
- Deseño
- Creatividade
- Marketing Dixital
- Marketing
- Comunicación
- Eventos

Definición das categorías:

En Galicia, o talento chove a mares e, coma a cidade que acolle estes premios, Ourense, é terra de paragueiros, os Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia están representados por paraugas (de aí o seu nome). Os premios non ofrecen remuneración económica.

Categoría Impresión e Edición

Categoría Edición

Premio Paraugas ao Mellor Libro

O xurado valorará o contido, a ilustración, o formato, o remate, a calidade da impresión, a lexibilidade e a lectura.

Premio Paraugas ao Mellor Traballo de Publicidade Comercial

O xurado valorará a calidade da impresión, a calidade da fotografía, a nitidez, a cor, o detalle da impresión, o atractivo do deseño e o formato.

Categoría Impresión

Premio Paraugas ao Mellor Traballo Comercial (libro, folleto ou catálogo) feito en impresión dixital.

O xurado valorará o contido, a ilustración, o formato, o remate, a calidade da impresión, a lexibilidade e a lectura.

Categoría Deseño (Premios GAIN)

Premio Paraugas ao Mellor Deseño Gráfico

Proxectos profesionais de identidade corporativa, embalaxes (no aspecto visual), editorial, tipografía, cartelería ou calquera outra aplicación que empregue a linguaxe visual gráfica como fundamento na transmisión de mensaxes ou ideas.

Premio Paraugas ao Mellor Deseño Industrial ou de Produto

Proxectos profesionais de produtos, elementos de iluminación, mobiliario, sinalética, embalaxe (no aspecto estrutural), maquinaria, solucións de escenografías, exposicións, *stands*, punto de venda ou calquera outro obxecto ou espazo físico que busquem mellorar a súa funcionalidade conxugando os procesos de fabricación ou construción coas necesidades formais ou comunicativas.

Premio Paraugas ao Mellor Deseño Dixital

Proxectos profesionais de aplicacións para móbiles, páxinas web, interfaces de *software* ou calquera outra aplicación dixital que empregue a linguaxe visual gráfica como ferramenta para facilitar a interacción e a usabilidade con ela.

Categoría Creatividade

Premio Paraugas á Mellor Idea

Neste categoría prémíase un orixinal. Unha peza. Xa sexa gráfica ou audiovisual. Xa sexa en offline ou en online. Aquela creatividade publicitaria cun impacto por encima das demais, independentemente do soporte. Tanto en exterior, prensa, radio, aplicacións, televisión, cinema, envíos, chapas ou camisetas. Unha idea onde a forza a teña o concepto. O orixinal máis creativo do ano en Galicia.

Premio Paraugas á Mellor Campaña

Nesta categoría prémíase unha campaña. Un conxunto de pezas baixo un mesmo concepto e idea. De diferentes soportes cun mesmo nexo de unión. Que utilice para a súa difusión un mix de medios offline e online. Un concepto transversal que potencia a creatividade independentemente do soporte. Unha campaña que explore novos camiños e que nos abra a conceptos diferentes e diferenciadores. A campaña máis creativa do ano en Galicia.

Premio Paraugas á Mellor Producción (Craft)

Nesta categoría prémíase a forma de facer. A execución no seu aspecto máis puro en calquera medio. Dirección de arte, deseño de produción, redacción, deseño gráfico, fotografía, ilustración, dirección de fotografía, efectos especiais e postprodución, realización, son e música, interacción co usuario e experiencia, innovación... A peza máis coidada do ano en Galicia.

Categoría Marketing Dixital (Premios .gal)

Premio Paraugas á Mellor Estratexia de Marketing

Campaña ou estratexia de publicidade, marketing e comunicación para unha marca que destaque pola súa creatividade, innovación e capacidade de xerar *branding* e reputación *online*.

Premios Paraugas á Mellor Campaña de Produto ou Servizo

Valorarase o marketing de resultados, a eficacia da campaña en termos de conversión, fidelización, e cumprimento de obxectivos establecidos polo cliente.

Premio Paraugas ao Mellor Proxecto de Social Media

Distinguirase o óptimo uso de redes sociais, *blogs*, *influencers* e innovación nos contidos.

Categoría Marketing (Premios Avante)

Premio Paraugas á Mellor Estratexia/Acción de 'Branding'

Premiaranse aqueles proxectos 360º de xestión de marketing nos que o obxectivo último sexa a xeración de valor para a compañía e, polo tanto, para a súa identidade corporativa.

Premio Paraugas á Mellor Estratexia/Acción de Produto

Premiaranse aquelas iniciativas que supoñan a creación de novos produtos e/ou servizos ou a adición de novas características a un existente, de forma que supoñan un valor engadido diferencial para o consumidor.

Premio Paraugas á Mellor Acción de Promoción de Ventas

Premiaranse aquelas accións de promoción de vendas que mellor unan a consecución de obxectivos de vendas a curto prazo cunha estratexia de branding global.

Categoría Comunicación (Premios Galicia Calidade)

Premio Paraugas á Mellor Estratexia de Comunicación Externa

Premiaranse aquelas empresas que, cunha visión global e empregando con eficacia as diferentes canles de comunicación externa, acaden, a través da súa campaña, proxectar no mercado unha imaxe de marca personalizada.

Premio Paraugas á Mellor Estratexia de Comunicación Interna

Premiaranse aquelas campañas capaces de afondar nas características da comunicación interna como ferramenta de transmisión de valores, convertendo aos colaboradores en embaixadores da marca, tendo en conta a misión, visión e cultura corporativa da compañía. Igualmente, terán especial valoración por parte do xurado aquelas iniciativas innovadoras que aposten pola integración das ferramentas de comunicación interna nas empresas e/ou organizacións.

Premio Paraugas á Mellor Práctica na Comunicación da Responsabilidade Social Empresarial

Premiaranse aquelas prácticas que acheguen á sociedade unha maior cultura da Responsabilidade Social Empresarial (RSE) e que animen á implicación e participación en accións solidarias de empresas e institucións, tendo en conta as preocupacións sociais, laborais, do medio ambiente e de respecto aos dereitos humanos.

Categoría Eventos

Premiaranse os eventos valorándose os seguintes criterios globais: estratexia, programación e adecuación ao cliente e aos obxectivos; coherencia do evento no seu conxunto e integración con outros aspectos da comunicación; creatividade, posta en escena e loxística; e máis impacto e retorno.

Premio Paraugas ao Mellor congreso

Premiarase un encontro (congreso, conferencia, seminario, reunión, xornada...) promovido por unha sociedade científica, asociación e colexio profesional, colectivo, entidade pública, sector empresarial, ONG, club ..., cun obxectivo formativo ou divulgativo, de progreso científico, intercambio de coñecemento, debate, creación de relacións do colectivo.

Terase en conta o desenvolvemento do proxecto inicial, a creación da imaxe corporativa, diferentes adaptacións e soportes, a selección da sede /sedes, a produción e escenografía, innovación técnica e tecnolóxica, ferramentas de difusión os seus públicos obxectivos, a comunicación off e online, e máis o impacto do evento no destino.

Premio Paraugas ao Mellor incentivo de empresa

Premiarase a organización dun incentivo e/ou evento corporativo promovido por unha empresa, ou colectivo de empresas. Debe ter unha relación clara dos obxectivos empresariais e corporativos, ademais dos formativos da entidade. Xunto a isto, debe ter definidas as estratexias de motivación aplicadas aos participantes.

Terase en conta a adecuación do programa aos obxectivos, a idea condutora do encontro, a creación da imaxe corporativa, as diferentes adaptacións e soportes, a selección e adecuación da sede /sedes, a utilización de espazos singulares e diferenciadores, a produción e escenografía, a integración da gastronomía do destino no programa xeral, a organización de actividades de team building, a de creación de situacións que fomenten as relacións do colectivo, as ferramentas de difusión aos seus públicos obxectivo, a comunicación off e online e máis o impacto do evento no destino.

Premio Paraugas ao Mellor evento

Premiarase calquera evento que se enmarque nas seguintes categorías: convención de empresa, evento de promoción de organización ou marca, presentación de produto, galas de empresas ou entidades; eventos de protocolo, galas, homenaxes, fam trips, workshops profesionais, feiras

Premiaranse os eventos valorándose os seguintes criterios globais: estratexia, programación e adecuación ao cliente e aos obxectivos; coherencia do evento no seu conxunto e integración con outros aspectos da comunicación; creatividade, posta en escena e loxística; e impacto e retorno.

INSCRICIÓNS E PRAZOS

O prazo de inscrición abrangue desde o 8 de outubro ata o 25 de outubro de 2021 ás 14:00 horas.

As inscricións e o envío dos traballos realizaranse a través do formulario da páxina web creada a tal efecto: premios.clustercomunicacion.gal

A participación na VI Edición dos Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia implica o abono do dereito de inscrición por cada traballo que se presente baixo as seguintes condicións:

- Empresas socias do Clúster da Comunicación de Galicia:

Todas as inscricións son gratuitas.

- Empresas ou profesionais socios de Creatividade Galega, Dircom, Markea, Executivas de Galicia ou OPC Galicia:

1ª inscrición: 45 € + IVE

2ª inscrición: 45 € + IVE

3ª inscrición e seguintes: **de balde**

- Empresas ou profesionais NON socios de ningunha das entidades nomeadas anteriormente:

1ª inscrición: 90 € + IVE

2ª inscrición: 90 € + IVE

3ª inscrición e seguintes: **de balde**

A condición de membro-socio das entidades descritas será comprobada pola organización dos Premios. O abono do dereito de inscrición e as opcións de ingreso indicaranse na propia web do premio.

Para participar, primeiro deberá realizar a inscrición e proceder ao pagamento (se corresponde) optando polas opcións que se indican máis abaixo. Unha vez comprobado pola organización, enviarase un mail coas claves de acceso (usuario e contrasinal) que permitirán acceder ao apartado "Envía os teus proxectos". Unha vez dentro, indicarse a información que debe ser achegada para presentar a candidatura (debe achegarse un formulario distinto por cada candidatura).

Os distinguidos nos Premios Paraugas 2021 poderán presentar candidaturas na categoría na cal resultaron gañadores.

FORMAS DE PAGO

Mediante transferencia bancaria:

(É imprescindible que nos envíe copia da transferencia ao correo electrónico info@clustercomunicacion.gal nun prazo máximo de 48 h, e, en calquera caso, nunca pode ser despois do 25 de outubro de 2021. Se pasado ese tempo non se abona o dereito de inscrición, a candidatura quedará fóra do concurso).

Titular da conta: Clúster da Comunicación de Galicia

Entidade: Banco Sabadell

IBAN: ES14 0081 2130 43 0001354138

Mediante tarxeta de crédito, TPV Virtual:

Unha vez feito o pagamento, a persoa que realizou a inscrición recibirá un mail onde se lle indicará como efectuar a presentación do traballo á categoría que opte participar.

CANCELACIONES E DEVOLUCIONES

A cancelación da inscrición debe ser realizada pola persoa que presentou a candidatura e solicitada vía mail á seguinte dirección: info@clustercomunicacion.gal, indicando o motivo da baixa.

O prazo para solicitar a cancelación da inscrición será de 5 días naturais contados a partir da data de alta da inscrición e, en todo caso, nunca superior ao día de peche das inscricións (25 de outubro).

A devolución da inscrición relízase no prazo máximo de 15 días naturais desde a recepción de petición da cancelación vía transferencia bancaria ao número de conta que nos faciliten previamente.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:

A participación nos VI Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia comportará o tratamento de datos de carácter persoal dos candidatos aos galardóns (premios: recoñecementos público da súa obra). En particular, a inscrición neste concurso requirirá a identificación do participante (nome, email, teléfono móbil, etc.) a través do formulario de contacto <http://premios.clustercomunicacion.gal>, así como o abono do dereito de inscrición na/s categoría/s elixidas (datos bancarios), no seu caso.

Por outra banda, na medida en que a gratificación dos gañadores dos VI Premios da Comunicación e Marketing de Galicia consistirá na atribución e recoñecemento público da súa obra, o feito da súa inscrición representa unha clara acción afirmativa de aceptación das presentes bases, acorde ao interese do participante (e do Clúster) por promover a máxima difusión da obra do candidato premiado e da propia convocatoria de premios. Isto inclúe a imaxe do galardoado o día da recollida de premios, ou a captada para ilustrar artigos e entrevista/s concedidas aos medios de comunicación polos premiados.

Co propósito de clarificar quen, como se tratan e que dereitos asisten aos titulares dos datos persoais facilitados ao Clúster (participantes dos VI Premios), a modo de ‘FAQS’, infórmase do seguinte:

- Quen é o responsable do tratamento dos datos persoais do participante nos V Premios da Comunicación e Marketing de Galicia?

É o Clúster da Comunicación de Galicia, con domicilio profesional en Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n (local 13), CP 15705, Santiago de Compostela (A Coruña).

O participante poderá contactar co Clúster chamando ao número de teléfono (+34) 881 977 102 ou escribindo ao enderezo de correo electrónico info@clustercomunicacion.gal.

- Para que se recollen os datos dos participantes a través do formulario de inscrición accesible desde o subdominio <http://premios.clustercomunicacion.gal> e outros datos (bancarios, imaxe do candidato premiado)?

A finalidade do uso de tales datos é identificar ao participante como autor dos traballos que aspiran a ser recoñecidos como gañadores (nome, apelidos, teléfono...), permitir o pagamento do dereito de inscrición (datos bancarios) e enxalzar publicamente os méritos do gañador (imaxe recollendo premio, entrevista, etc.).

- Cal é a base xurídica que lexitima o tratamento dos datos persoais do participante?

É o seu consentimento, en tanto que o feito da súa inscrición e formalización desta (polo abono dos dereitos de inscrición) confirma o seu interese por participar nunha convocatoria de premios dirixidos á divulgación dos méritos dos participantes que resulten premiados. Adicionalmente, a difusión da imaxe do candidato premiado en medios de comunicación e redes sociais responde aos propios intereses dos participantes, así como do lexítimo interese do organizador en dar a coñecer a súa labor de promoción do talento dos candidatos aos premios.

- Comunicará o Clúster os datos persoais do candidato a alguén?

Si. Aos membros do xurado (datos identificativos do autor: nome, apelidos...) e, a través do sitio web do Clúster e de redes sociais, o público en xeral disporá da noticia dos premiados, da súa identidade e, no seu caso, da súa fotografía sen prexuízo da difusión que os asistentes ao evento poidan facer noutros medios (redes sociais, etc.).

- Durante canto tempo conservará o Clúster os datos dos participantes?

A noticia da entrega de premios (imaxe dos gañadores) será mantida no sitio web do Clúster mentres resulte de actualidade. A partir de aí, o Clúster conservará a dita información persoal durante cinco anos, aínda que non de xeito público. O resto da información persoal dos participantes do concurso será mantida polo Clúster durante o mesmo período, desde que a mesma deixe de ser necesaria.

- Que dereitos asisten aos participantes fronte ao Clúster sobre os teus datos?

O candidatos aos premios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación ou supresión e oposición ao tratamento dos seus datos, ou de limitación do seu tratamento, e tamén a non ser obxecto de decisións automatizadas. Igualmente, poden solicitar en calquera momento que se revoque o consentimento que prestaron para as finalidades indicadas polo Clúster (vid. pregunta '2'), así coma o dereito á portabilidade dos seus datos. Deberán facelo por escrito, achegando fotocopia do seu D.N.I., pasaporte ou doutro documento válido que o identifique, dirixido ao email info@clustercomunicacion.gal, co título (asunto) "CLÚSTER. RGPD".

Cando o Clúster reciba a solicitude do candidato, enviaralle un formulario que terá que cumprimentar para que o organismo lle poida dar curso.

- Que pode facer o candidato se o responsable do tratamento non atendese aos seus dereitos?

Se considera que os seus dereitos non foron oportunamente atendidos, poderá iniciar un procedemento de tutela de dereitos ante a Axencia Española de Protección de Datos.

O XURADO

O xurado estará formado por membros da Xunta Directiva do Clúster da Comunicación de Galicia, así como por outros membros das asociacións socias do Clúster (Markea, Dircom Galicia, Creatividade Galega...) e outros profesionais de prestixio, tanto do ámbito docente coma empresarial.

En ningún caso un membro do xurado poderá presentar a súa candidatura na categoría na que é membro do xurado. Si noutras categorías (por exemplo, un director de comunicación que forma parte do xurado na categoría de Comunicación pode participar na categoría de Creatividade).

Os gañadores dos Premios Paraugas 2020 poderían ser convidados a formar parte do xurado 2021.

SELECCIÓN DE CANDIDATURAS:

O xurado realizará a selección das candidaturas conforme ao seguinte procedemento:

- a. Os traballos a concurso serán recibidos ata o 25 de outubro de 2021 ás 14:00 horas, a través do formulario que se pode atopar na páxina web creada a tal efecto.
- b. O xurado procederá a seleccionar ata tres candidaturas por cada categoría, que serán declaradas finalistas.
- c. Os finalistas serán informados pola organización a través dos datos de contacto facilitados polos participantes coa intención de que estean presentes no momento de recoller o premio.
- d. Se as condicións sanitarias e sociais o permiten, e baixo un riguroso protocolo sanitario, celébrase a Gala dos Premios Paraugas 2021 o 12 de novembro de 2021 na sede de Expourense.
- e. O xurado procederá finalmente a resolver a quen se lle outorgan os diferentes Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia 2021 en cada categoría. Os premiados coñecerán o fallo do xurado o mesmo día de celebración dos Premios Paraugas.
- f. En caso de empate será o presidente do xurado quen resolva.
- g. A votación do xurado será secreta.
- h. Os xurados que por algunha razón tivesen algún interese de tipo profesional ou persoal nalgunha das empresas, institucións ou persoas candidatas, absteranse de votar na(s) categoría(s) afectada(s).
- i. Os datos e informacións serán tratados con confidencialidade por parte dos membros do xurado e do Clúster.
- j. O xurado resérvase o dereito a realizar os cambios necesarios para a mellorados premios, respectando a estrutura de categorías referidas.
- k. É posible que, por decisión do xurado, algunha categoría se declare deserta.

- l. Os finalistas comprométense a dar resposta ás necesidades de ampliación de información por parte da organización e a participar nos actos que sexan requiridos para dar cobertura informativa a estes premios.
- m. O xurado valorará as candidaturas presentadas en función, fundamentalmente, dos catro criterios seguintes:
- Grao de innovación, creatividade, funcionalidade e orixinalidade.
 - Resultados obtidos: impacto en medios, incremento de vendas, retorno do investimento, incremento na preferencia pola marca, etc.
 - Dificultade do caso (competitividade do mercado, características do sector, madurez do produto/servizo, etc.).
 - Boas prácticas: comportamento ético e sustentable no desenvolvemento das estratexias de marketing.

GALA DE ENTREGA DOS PREMIOS PARAUGAS

Os premios entregaranse o 12 de novembro de 2021 nunha gala especial, tras a celebración do IX Foro de Comunicación de Galicia en Expourense. Nese mesmo acto, o Clúster homenaxeará a persoeiros e/ou institucións que, pola súa traxectoria, pola súa contribución ou por compartir os principios fundacionais do organismo, sexan merecedores desta distinción.

**(A organización informará coa debida antelación e por diversos medios (web, mail, etc.) do horario de celebración da Gala, así coma de calquera cambio que se produza na organización do mesmo).*

PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse na web do Clúster (<http://www.clustercomunicacion.gal>), a través do microsite elaborado para estes Premios Paraugas 2021 (<http://premios.clustercomunicacion.gal>), así como na web de *partners* e entidades públicas e privadas interesadas en colaborar na súa difusión.

O mero feito de optar aos premios supón a plena aceptación das súas bases.